



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
E ORDENACIÓN DO TERRITORIO

Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático

San Lázaro, s/n
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA

Concl. AUSE
13/10/17

AA/JB

galicia

CAMBADOS

REXISTRO ENTRADA

2017-E-RC-6549

13/10/2017 10:50



CONCELLO DE CAMBADOS

Praza do Concello, 1

36630 Cambados

Asunto: remisión da resolución de avaliación de impacto ambiental

Proxecto: prolongación da rúa Pacheca ata a confluencia coa rúa do Castro.

Promotor: concello de Cambados.

Localización: concello de Cambados (Pontevedra)

Clave: 2017/0085

Logo da súa solicitude en relación ao proxecto arriba indicado, remíreselle unha copia compulsada da resolución sobre a avaliación de impacto ambiental simplificada realizada (informe de impacto ambiental).

O informe de impacto ambiental poderán atopalo tamén na páxina web da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e, nos próximos días, publicarase un anuncio deste no Diario Oficial de Galicia (DOG).

Santiago de Compostela, 9 de octubre de 2017

O subdirector xeral de Avaliación Ambiental

Carlos Calzadilla Bouzon

REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
REXISTRO DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data 10/10/2017 10:29:25

SAÍDA 11578 / RX 1427441





RESOLUCIÓN DO 2 DE OUTUBRO DE 2017, DA DIRECCIÓN XERAL DE CALIDADE AMBIENTAL E CAMBIO CLIMÁTICO POLA QUE SE FORMULA O INFORME DE IMPACTO AMBIENTAL DO PROXECTO DE PROLONGACIÓN DA RUA PACHECA ATA A CONFLUENCIA COA RÚA DO CASTRO, NO NÚCLEO URBANO DE CAMBADOS, PROMOVIDO POLO CONCELLO DE CAMBADOS (CLAVE 2017/0085).

De conformidade coa proposta do Servizo de Avaliación Ambiental de Proxectos, que a continuación se transcribe:

A Lei 21/2013, de 9 de decembro de avaliación ambiental (BOE núm. 296, de 11 de decembro) establece, no artigo 7.2., que os proxectos comprendidos no anexo II, serán obxecto dunha avaliación de impacto ambiental simplificada na forma prevista na Sección 2ª do capítulo II (título II) da dita lei.

O proxecto obxecto da presente resolución está incluído no anexo II, grupo 7, apartado i) [Construción de variantes de poboación e estradas convencionais non incluídas no anexo I], da dita lei 21/2013, polo que de acordo co seu artigo 47, procede determinar se debe ou non someterse a unha avaliación de impacto ambiental ordinaria.

1. Obxecto e descrición do proxecto. Localización. Promotor e órgano Substantivo

1.1. Obxecto e descrición do proxecto

O proxecto presentado ten por obxecto a prolongación de 157 metros da rúa A Pacheca para conectar coa rúa do Castro. O primeiro treito desta rúa xa se atopa urbanizado.

A sección tipo abrangue 10 metros de ancho, con 7 m dedicados a calzada para a circulación de vehículos e dúas beirarrúas de 1,50 m.

Amais o proxecto complétase mediante o deseño da intersección coa rúa do Castro e coa prolongación de todos os servizos existentes no treito de rúa xa urbanizado (rede eléctrica, alumeadado público, saneamento, rede de pluviais, telefonía e abastecemento de auga).

1.2. Localización

A actuación atopase no núcleo de Cambados, desenvolvéndose nas rúas de A Pacheca coa confluencia de a rúa do Castro

1.3. Promotor e órgano substantivo

O promotor do proxecto e o órgano substantivo é o Concello de Cambados

2. Tramitación

Con data 11.05.2017 tense recibido no Servizo de Avaliación Ambiental de Proxectos o documento ambiental titulado: "documento de inicio para o procedemento de avaliación de impacto ambiental simplificada do proxecto para a prolongación de a Rúa A Pacheca ata a confluencia ca rúa do Castro. No núcleo urbano de Cambados".

En data 05.06.2017 o Servizo de Avaliación Ambiental de Proxectos solicita información e documentación complementaria ao promotor, dando resposta a esta solicitude en data 21.06.2017

O 13.07.2017 o Servizo de Avaliación Ambiental de Proxectos notificou ao Concello de Cambados o inicio do período de consultas previas segundo o previsto no artigo 46 da citada Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.

INFORME DE IMPACTO AMBIENTAL

PROXECTO DE PROLONGACIÓN DA RÚA A PACHECA ATA A CONFLUENCIA COA RÚA DO CASTRO, NO N

CLAVE DO EXPEDIENTE: 2017/0085

ORDENACIÓN DO TERRITORIO E CONSERVACIÓN DO PATRIMONIO CULTURAL
DILIXENCIA - Para poder constatar que a presente fotocopia é unha reprodución fiel e exacta do seu orixinal

Santiago,

05 OUT. 2017

Asdo.: José Manuel Mirás Pulleiro

Na seguinte táboa recóllese a relación de organismos consultados, así como a indicación da recepción ou non do correspondente informe:

| ORGANISMO CONSULTADO | RECIBIDO | NON RECIBIDO |
|--|----------|--------------|
| Dirección Xeral do Patrimonio Natural | | X |
| Augas de Galicia | | X |
| Concello de Cambados | X | |
| Dirección Xeral do Patrimonio Cultural | | X |
| Instituto de Estudos do Territorio | X | |
| Federación Ecoloxista Galega | | X |
| Sociedade Galega de Historia Natural | | X |

Así mesmo, o documento ambiental estivo dispoñible para o público en xeral a través da páxina Web da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, non constando a recepción de ningunha resposta como resultado do trámite.

Os informes solicitados e ou reiterados e non recibidos, teñen a consideración de favorables.

A continuación resúmense os informes recibidos:

- **O concello de Cambados** informa que o solo onde se prevé desenvolver a apertura da prolongación do vial é solo rústico de protección ordinaria, rodeado da malla urbana do solo urbano delimitado por las NN.SS.MM de Cambados.

Ademais informa que, a vista do proxecto, non se prevé que poida causar impactos ambientais significativos no ámbito de actuación e entorno próximo.

- **O Instituto de Estudos do Territorio**, polo que atinxe ás súas competencias en materia de paisaxe considerase que o proxecto de referencia non provocará un impacto paisaxístico significativo, se ben deberanse de ter en conta unha serie de consideración indicadas no apartado 4 do presente informe.

3. Análise segundo os criterios do Anexo III

Criterio 1.- Características do proxecto

O obxecto do proxecto é a prolongación da rúa Pacheca, da que actualmente so está urbanizada o primeiro treito, ata a confluencia ca rúa do Castro.

Con esta actuación non só se contemplará a urbanización desta rúa, senón que se consegue unha vía de comunicación directa co centro urbano da vila, ofrecendo unha alternativa ás corredeiras polas que se fai actualmente.

Criterio 2.- Emprazamento do proxecto


Actualmente o ámbito de actuación, tanto na zona urbana como na urbanizable, está conformada por terreos dedicados a usos agrícolas (hortalizas e viñado) se ben unha boa parte dos mesmos actualmente están abandonados.

A pesar que o ámbito de actuación está relativamente cerca do núcleo urbano as trazas obxecto do estudo

INFORME DE IMPACTO AMBIENTAL

PROXECTO DE PROLONGACIÓN DA RÚA A PACHECA ATA A CONFLUENCIA COA RÚA DO CASTRO, NO N

CLAVE DO EXPEDIENTE: 2017/0085



Asdo.: José Manuel Mirás Pulleiro



escolléronse de xeito que minimizasen tanto os efectos ambientais como os relativos á ocupación de predios e afeccións a bens e dereitos.

Criterio 3.-Características do potencial impacto

Segundo a documentación presentada e en base aos informes sectoriais recibidos, o proxecto non afecta directa ou indirectamente a IBA's (Areas de Importancia para as Aves), ZEC's (Zonas de Especial Conservación), Humidais, Inventario Nacional de Hábitats o algún espazo do Plan Hidrolóxico Costa.

Segundo recolle o Instituto de Estudos do Territorio o proxecto vai provocar certos impactos paisaxísticos derivados da transformación dun espazo que aínda mantén trazas da paisaxe rural. Non obstante considérase que co desenvolvemento das medidas de integración contempladas o impacto visual será en gran medida minimizado.

Durante a fase de construción as principais afeccións que se poderían producir serían as producidas polos movementos de terras e retirada da cuberta vexetal necesarios para executar a actuación. Non entanto hai que indicar que o movemento de terras é moi limitado, xa que a orografía é suave, de forma que os noiros de explanación vense moi limitados en canto á potencia da escavación ou terraplenados, segundo a documentación presentada.

Durante a fase de funcionamento as principais afeccións que se puideran producir serían sobre a atmosfera, principalmente pola xeración de gases e ao incremento de ruído debido a circulación de vehículos, así como por contaminación lumínica. No entanto, considerando o emprazamento do proxecto, nunha contorna urbana, xunto coas medidas contempladas polo documento, considérase que estes impactos serán compatibles.

4. Condicionantes ambientais

O documento ambiental presentado contempla unha serie de medidas encamiñadas a minimizar os impactos derivados das fases de execución e funcionamento. As medidas propostas considéranse axeitadas, se ben a continuación indícanse unha serie de condicionantes ambientais que deberán ser tidos en conta.

– En relación a paisaxe, teranse en conta as seguintes consideracións:

Se ben na execución da rúa non se proxectan noiros e recheos importantes, dadas as características do ámbito de actuación os mesmos deberán de revexetarse, utilizando especies autóctonas, para acadar unha mellor integración paisaxística do proxecto.

– Sobre as augas pluviais considerárase:

No desenvolvemento do proxecto recomendase observar o acceso ás fincas e as escorrentas das parcelas, de xeito que o vial non impida o curso normal das augas pluviais.

– No tocante aos residuos adoptaranse as seguintes medidas:

- Queda prohibida a queima de restos ou calquera outro tipo de material durante as fases de construción.
- Os residuos serán xestionados conforme a lexislación vixente de aplicación, en función da súa natureza, e primando a reciclaxe ou reemprego fronte á eliminación a vertedoiro.


– En relación á atmosfera, estableceranse as medidas necesarias de xeito que os niveis de presión sonora cumpran coa lexislación vixente e as ordenanzas municipais.

- A maquinaria a empregar cumprirá coa normativa de emisións que lle resulte de aplicación, debendo dispor de documentación acreditativa ao respecto.
- Recomendase o rego periódico con auga para eliminar a concentración das partículas en suspensión debido ao tránsito de vehículos e a execución da obra. Adicionalmente para reducir a emisión de

INFORME DE IMPACTO AMBIENTAL

PROXECTO DE PROLONGACIÓN DA RÚA A PACHECA ATA A CONFLUENCIA COA RÚA DO CASTRO, NO N

CLAVE DO EXPEDIENTE: 2017/0085




Santiago,

05 OUT. 2017

Asdo.: José Manuel Mirás Pulleiro

partículas de po na fase de movemento de terras, procederase a cubrición a caixa dos camións, especialmente cando circulen por estradas fora da área das obras.

- Respecto das especies vexetais a empregar na tarefas de axardinamento e na creación de pantallas verdes vexetais, procurarse que na medida do posible estas sexan autóctonas, evitando en calquera caso o emprego de especies que figuren no anexo II do Real Decreto 16/2011, de 14 de novembro, polo que se regula o listado español de especies exóticas invasoras.
- En relación á enerxía:
 - o Promoverase na medida do posible a instalación de sistemas de enerxías renovables para abastecemento do alumado público e a sinalización.
 - o Dimensionarase o alumado de xeito que asegure un nivel de iluminación axeitado en base as necesidades de cada zona tendo en conta as actividades que nela se desenvolvan (zonas de tráfico rodado, parques, zonas peonís...), evitando excesivos niveles lumínicos e a emisión de luz directa cara o ceo. Valorarase a posible utilización de lámpadas de baixo consumo e alta eficiencia.
- En relación ao movemento de terras, procurase que este sexa o menor posible, tomando como criterio a necesidade de acadar un equilibrio entre as terras extraídas e a as aportadas.
- Todas as medidas protectoras e correctoras deberán quedar definidas a nivel executable, incluíndose nos correspondentes planos e cronogramas, debendo ademais estar presupostadas do mesmo xeito que o conxunto do proxecto.
- Contemplantase o programa de vixilancia ambiental, de xeito que se garanta o cumprimento de todas as medidas protectoras e correctoras.



INFORME DE IMPACTO AMBIENTAL

PROXECTO DE PROLONGACIÓN DA RÚA A PACHECA ATA A CONFLUENCIA COA RÚA DO CASTRO, NO N

CLAVE DO EXPEDIENTE: 2017/0085



Santiago,

05 OCT. 2017

Asdo.: José Manuel Mirás Pulleiro



5. Proposta

Logo da avaliación de impacto ambiental simplificada realizada propónse formular o informe de impacto ambiental que conclúe que, nos termos arriba recollidos, o **proxecto de prolongación de a rúa A Pacheca ata a confluencia ca rúa do Castro, no núcleo urbano de Cambados**, non é previsible que xere efectos significativos sobre o medio ambiente e, polo tanto, non se considera necesario someter o proxecto a avaliación de impacto ambiental ordinaria.

O xefe do Servizo de Avaliación

Ambiental de Proxectos

Manuel Díaz Cano

CONFORME:

O subdirector xeral de Avaliación Ambiental

Carlos Calzadilla Bouzón

RESOLVO formular o informe de impacto ambiental do **proxecto de prolongación de a rúa A Pacheca ata a confluencia ca rúa do Castro, no núcleo urbano de Cambados**, en cumprimento do disposto no artigo 47 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.

Este informe farase público a través do Diario Oficial de Galicia e da Páxina web da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (www.cmaot.xunta.gal) e será remitido ao órgano substantivo.

De acordo co artigo 47.6 da Lei, contra este informe de impacto ambiental non procederá recurso algún, sen prexuízo dos que, no seu caso, procedan en vía administrativa ou xudicial fronte ao acto, no seu caso, de autorización do proxecto.

Santiago de Compostela, 2 de outubro de 2017

A directora xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático

María Cruz Ferreira Costa

INFORME DE IMPACTO AMBIENTAL

PROXECTO DE PROLONGACIÓN DA RÚA A PACHECA ATA A CONFLUENCIA COA RÚA DO CASTRO, NO N

CLAVE DO EXPEDIENTE: 2017/0085



Santiago,

05 OUT. 2017

2017/0085
X



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
E ORDENACIÓN DO TERRITORIO



**INSTITUTO
DE ESTUDOS DO
TERRITORIO**

Edificio Administrativo San Lázaro, s/n
15781 Santiago de Compostela

NOTA INTERIOR

Número:

Data: 21 de xullo de 2017

De: Director do departamento Técnico de Estudos

A: Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático

Asunto: Consulta na tramitación na avaliación de impacto ambiental simplificada

Achego o informe sobre o procedemento de impacto ambiental simplificada do seguinte proxecto:

- Proxecto: Prolongación da rúa A Pacheca ata a confluencia coa rúa do Castro
- Expediente: P-17-346
- Promotor: Concello de Cambados


| | |
|--|---------|
| INSTITUTO DE ESTUDOS DO TERRITORIO REXISTRO INTERNO | |
| 27 XULL. 2017 | |
| ENTRADAS | A I D A |
| Nº. — | Nº. 623 |


Alfredo Fernández Ríos
Director do departamento Técnico de Estudos



Recibí:

Dgta:





**CONTESTACIÓN A CONSULTA NO PROCEDIMENTO DE AVALIACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL
 SIMPLIFICADA**

Expediente IET: P-17-346
 Denominación: Prolongación da rúa A Pacheca ata a confluencia coa rúa do Castro
 Concello: Cambados (Pontevedra)
 Promotor: Concello de Cambados
 Clave: 2017/0085

REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
 REXISTRO DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO
 SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data 21/07/2017 10:37:46

SAÍDA 8268 / RX 1086895



Por medio dunha nota interior que tivo entrada o 14/07/2017 no Instituto de Estudos do Territorio (IET), a Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático realiza unha consulta no marco do procedemento de avaliación de impacto ambiental simplificada, de acordo co establecido na Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

En virtude do punto dous da disposición adicional segunda do Decreto 244/2011, do 29 de decembro, polo que se aproban os estatutos do organismo autónomo Instituto de Estudos do Territorio, este asume as competencias en materia de paisaxe.

O proxecto consiste na prolongación da rúa A Pacheca, urbanizada na actualidade só no seu primeiro tramo, ata a confluencia coa rúa do Castro. A prolongación ten unha lonxitude de 157 metros. A sección tipo será de 10 metros de ancho, con 7 metros dedicados a calzada para a circulación de vehículos e dúas beirarrúas de 1,50 metros. Con esta actuación preténdese completar a urbanización desta rúa e conseguir unha vía de comunicación directa co centro urbano da vila polo leste, partindo dende a rúa do Castro.

En relación co Catálogo das paisaxes de Galicia, aprobado polo Decreto 119/2016, do 28 de xullo, (DOG do 25/08/2016), a zona do proxecto pertence á comarca paisaxística Umia – O Salnés, incluída na grande área paisaxística Rías Baixas.

O lugar proxecto sitúase na contorna urbana da vila de Cambados. Trátase dunha zona de relevos suaves conformada por terreos dedicados principalmente a cultivos agrícolas de hortalizas e viñedos, aínda que existen predios abandonados ocupados por matogueiras.

O proxecto suporá unha alteración das características paisaxísticas da contorna, posto que a continuación da rúa atravesará unha zona ocupada por cultivos e provocará a fragmentación deste ámbito. Non obstante, a actuación rematará unha rúa, actualmente edificada na súa beira norte, que formaba un fondo de saco contra un ámbito de marcado carácter rural que foi quedando illado entre o núcleo urbano de Cambados e a rúa do Castro.

Se ben na execución da rúa non se proxectan noiros e recheos importantes, dadas as características do ámbito de actuación os mesmos deberán de revexetarse, utilizando especies autóctonas, para acadar unha mellor integración paisaxística do proxecto.

CONCLUSIÓNS


Polo que atinxe ás competencias deste departamento en materia de paisaxe, considerase que o proxecto de referencia non provocará un impacto paisaxístico significativo, se ben deberanse de ter en conta as consideracións efectuadas no presente informe.

| | |
|--|-----------|
| INSTITUTO DE ESTUDOS DO TERRITORIO REXISTRO INTERNO | |
| 24 XULL. 2017 | |
| ENTRADAS | S A I D A |
| Nº - | Nº 604 |

En calquera caso, se o órgano ambiental adopta a decisión de someter este proxecto ao procedemento de avaliación de impacto ambiental ordinaria, en cumprimento do artigo 11.1 da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, deberá incorporarse no estudo de impacto ambiental un estudo de impacto e integración paisaxística (EIIP), como documento específico no que se avaliarán os efectos e impactos que o proxecto poida provocar na paisaxe e as medidas de integración paisaxística propostas. O contido do citado estudo debe axustarse ao establecido no artigo 11.2 da Lei 7/2008.

Santiago de Compostela, 20 de xullo de 2017

O xefe do Servizo de Planificación da Paisaxe O director do Departamento Técnico de Estudos


José Luis Álvarez Vicente


Alfredo Fernández Ríos

Visto e conforme, a directora do Instituto de Estudos do Territorio


Inés Santé Abreira





CAMBADOS
 REXISTRO SAÍDA
 2017-S-RC-3947
 28/07/2017 14:07



JOSE RAMON ABAL VARELA (1 para 1)
 CONCELLERO DE URBANISMO, OBRAS E SERVIZOS
 Data de Sinatura: 28/07/2017
 HASH: 7305a29dd8cedd30e17ea18b9d3ae3e

Dacordo co seu escrito de data 17/07/2017 sobre o trámite de avaliación de impacto ambiental simplificado, consulta para formulación do informe de impacto ambiental do proxecto da prolongación da Rúa Pacheca en Cambados (Clave 2017/0085) xunto remítolle Informe emitido polo Arquitecto Municipal ó respecto.

REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
 REXISTRO DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO
 SANTIAGO DE COMPOSTELA Data 03/08/2017 10:03:20


ENTRADA 11943 / RX 1963918




DIRECCIÓN XERAL DE CALIDADE AMBIENTAL E CAMBIO CLIMÁTICO
 RUA SAN LAZARO, S/N
 15781 - SANTIAGO DE COMPOSTELA



GOBERNACIÓN DE GALICIA
 DIRECCIÓN XERAL DE CALIDADE AMBIENTAL E CAMBIO CLIMÁTICO
 PALLA DO CONCELLO, 1 - 15610 - CAMBADOS - TROSA 986200070/0417/001 - T.1598634866 - N.º REXISTRO ENTRADAS LOCAL 01360693 - CIF: P 2100602E



Cod. Validador: 4VLT3AAZDSOGLWFF2RS9X3E | Correción: http://cambados.sedelectronica.gal | Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 1



Título: Informe de los Servicios Técnicos Municipales sobre Trámite de evaluación de impacto ambiental simplificado

Naturaleza del Informe: [] Borrador [] Provisional [X] Definitivo

Autor: Arquitecto Municipal.

ANTONIO ESPINOSA MURIAS

Fecha de Elaboración: 27 de xullo de 2017

ANTONIO ESPINOSA MURIAS (1 para 1)
Firma: 27/07/2017
D. HASH: 59837693716e485d047222535635213a



A la vista del escrito recibido de la Dirección General de Calidad Ambiental y Cambio Climático y la documentación redactada por *D. Gabino Grande Toro* y consistente en Documento de Inicio para la tramitación ambiental del PROXECTO PROLONGACION DA RUA PACHECA, - para y de conformidad con la asignación del expediente, de acuerdo con el at. 47 de la Ley 21/2.013, emito el siguiente

INFORME

PRIMERO.

Que el suelo donde se prevé desarrollar la apertura de la prolongación del vial es suelo rústico de protección ordinaria, rodeado de la malla urbana del suelo urbano delimitado por las NN.SS.MM. de Cambados.

SEGUNDO.

Que a la vista del proyecto, no se prevé que pueda causar impactos ambientales significativos en el ámbito de actuación y entorno próximo,

TERCERO.

Que como medidas a tener en cuenta en el desarrollo del proyecto se recomienda observar el acceso a las fincas y las escorrentías de las parcelas, de forma que el vial no impida el curso normal de las aguas pluviales.

En Cambados, a 27 de julio de 2017.

El Arquitecto Municipal
Fdo.: ANTONIO ESPINOSA MURIAS

REGISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
REGISTRO DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data 03/08/2017 10:02:15

ENTRADA 11942 / RX 1063786



Cod. Validación: SHZAJTTFK7Z67NGXRMPJH3H | Corrección: http://cambados.sedelectronica.gal/ Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 1



| | | |
|-------------|---|--|
| Obxecto | Consulta sobre a avaliación de impacto ambiental simplificada | |
| Proxecto | Prolongación da rúa A Pacheca ata a confluencia coa rúa do Castro (Cambados, Pontevedra) | |
| Promotor | Concello de Cambados | REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA REXISTRO DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO SANTIAGO DE COMPOSTELA |
| Solicitante | Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Clim | ENTRADA 14715 / RX 2438325 Data 04/10/2017 11:35:07 |
| S/Clave | 2017/0085 | |
| Expediente | 03.H.919.2017.001 (Servizo de Arqueoloxía) e IA2330/2017 (Servizo de Arquitectura e Etnografía) | |

FEITOS

Con data do 17.07.2017 recibíuse, no rexistro xeral da Xunta de Galicia, un escrito, da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático, dirixido á Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, no que dentro do trámite da avaliación de impacto ambiental simplificada establecido no título II da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental (BOE núm. 296, do 11.12.2013), solicítase que se emita un informe no marco das competencias deste centro directivo en relación co asunto sinalado na cabeceira. A estes efectos achégase, en soporte CD, a documentación relativa ao proxecto.

CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS E LEGAIS

1. Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92, do 16.05.2016)
2. Decreto 4/2013, do 10 de xaneiro, polo que se desenvolve a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (DOG núm. 13 do 18.01.2013)

O proxecto non afecta a áreas de protección delimitadas nas NSP do concello de Cambados do ano 1994. Non obstante as obras desenvolveranse a uns 100 m ao NW da área de ocupación do Castro da Pastora (GA36006003), ben incluído no Catálogo do patrimonio cultural de Galicia. Dadas as características de ocupación do territorio deste tipo de bens, non é descartable a aparición de restos materiais ou estruturais relacionados co castro, polo que cómpre establecer algunha medida de carácter preventivo.

No apartado correspondente ao *Programa de vixilancia ambiental* do documento achegado inclúese, en relación co patrimonio cultural, o seguinte:

"Supervisaranse cun coidado extremo tódolos traballos de movementos de terras, para respectar adecuadamente o patrimonio arqueolóxico e cultural, orientando os traballos de vixilancia, a documentar e salvagarda-las eventuais evidencias que poidan xurdir e pasasen desapercibidas nos primeiros recoñecementos".

A Dirección Xeral de Patrimonio Cultural dentro do ámbito das súas competencias, despois de ver o informe do Servizo de Arqueoloxía e do Servizo de Arquitectura e Etnografía da Subdirección Xeral de Conservación e Restauración de Bens Culturais e tendo en conta o establecido na LPCG, emite o seguinte

INFORME:

No Informe de impacto ambiental, deben de incluírse as seguintes medidas protectoras e correctoras:

1. Deberá realizarse un control e seguimento arqueolóxico durante as fases de replanteo, de execución de obra e de restitución dos terreos, en todo o ámbito do proxecto. A tal fin o promotor presentará, para a súa autorización, un proxecto de intervención arqueolóxica axustado ao previsto na LPCG e no Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 150 do 06.08.1997)



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Cultura
Dirección Xeral do Patrimonio Cultural

Edificio administrativo de San Caetano, bloque 3, 2º
15781 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 545 400 Fax: 981 546 597

galicia


2. Como medida xenérica, nas áreas de protección dos bens do patrimonio cultural, non se poderá realizar ningún tipo de obras relacionadas co proxecto, non previstas na documentación remitida (parque de maquinarias, instalación de casetas, acopios de terras e materiais).
3. Os elementos incluídos no estudo de impacto cultural e as súas áreas de protección, plasmaranse na cartografía da obra.

En base aos resultados das actuacións arqueolóxicas a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, como organismo competente na materia, decidirá sobre a conveniencia de establecer outras medidas de protección.

Santiago de Compostela, 25 de setembro de 2017

A directora xeral do Patrimonio Cultural

M^a Carmen Martínez Insua



DIRECCIÓN XERAL DE CALIDADE AMBIENTAL E CAMBIO CLIMÁTICO